

**ANEXO III**
**CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN**
**AXUDA**

|                                                                                                                                                                                                            |                                                     |                                                                                                    |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Referencia: Convenio Xunta-UDC                                                                                                                                                                             |                                                     |                                                                                                    |            |
| Título: Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020 |                                                     |                                                                                                    |            |
| CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)                                                                                                                                              |                                                     |                                                                                                    |            |
| OBJECTO DO CONTRATO: colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica. Técnico/a de apoio á investigación.                                                                  |                                                     |                                                                                                    |            |
| LUGAR E HORARIO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Luns a venres de 7:45-15:15 h                                                                                                     |                                                     |                                                                                                    |            |
| GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I                                                                                                                                                |                                                     |                                                                                                    |            |
| CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)                                                                        |                                                     |                                                                                                    |            |
| Investigador asociado <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                             |                                                     | * Investigador en formación <input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG |            |
| Técnico de apoio á investigación <input checked="" type="checkbox"/>                                                                                                                                       |                                                     | Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>                                         |            |
| Técnico administrativo <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                            |                                                     | Axudante administrativo <input type="checkbox"/>                                                   |            |
| XORNADA                                                                                                                                                                                                    | Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/> | Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>                                                            |            |
| DURACIÓN                                                                                                                                                                                                   | 2 meses                                             | DATA APROX. DE INICIO                                                                              | 01/11/2020 |
| RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.152,03 €/mes                                                                                                                                                                        |                                                     |                                                                                                    |            |
| PARTIDA ORZAMENTARIA: 050044A500.422D.64000                                                                                                                                                                |                                                     |                                                                                                    |            |

\* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

**REQUISITOS**

|                                                                                                                               |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| TITULACIÓN: grao, licenciatura ou equivalente                                                                                 |
| EXPERIENCIA: experiencia demostrada en tarefas obxecto do contrato (ver memoria da convocatoria)                              |
| REQUISITOS: ver memoria da convocatoria (deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes) |

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

|                                                                                                                                                                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LUGAR: enviar por correo electrónico a <a href="mailto:cica@udc.gal">cica@udc.gal</a> (imprescindible indicar a referencia da convocatoria no asunto do correo) |
| PRAZO: 10 días a partir da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC                                                                      |

**ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN**

|                                                                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ÓRGANO: Jaime Rodríguez González (director do CICA), M <sup>a</sup> Isabel González Siso (subdirectora do CICA), Julia Fernández Valero (Estrategia, I+D+i e Promoción do CICA) e Sonia Martínez Varela (Xestión económico/administrativa do CICA) |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web do CICA ( <a href="https://cica.udc.gal/">https://cica.udc.gal/</a> )                                                                                                                               |

**O INVESTIGADOR PRINCIPAL**

**Asinado dixitalmente**  
**Salvador Naya Fernández**

**Documentación que debe presentar o/a solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

| Código Seguro De Verificación | GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==                                                                                                                          | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández                                                           | Asinado | 17/09/2020 09:41:41 |
| Observacións                  |                                                                                                                                                   | Páxina  | 1/3                 |
| Url De Verificación           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==">https://sede.udc.gal/services/validation/GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==</a> |         |                     |



## MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Desde a creación da Universidade da Coruña, unha das áreas de especialización, tal como o demostra a existencia de diversas especialidades e titulacións, son as áreas de Bioloxía e Química. Non é de estrañar, polo tanto, que as investigacións máis fortes que se realizan nesta universidade son aquelas que se orientan cara aos recursos biotecnolóxicos e ás ciencias médicas, así como ao medio ambiente e os novos materiais. Por outra parte, o interese social que suscita este tipo de investigacións é cada día maior, o que favorece a proxección dos traballos realizados polos investigadores da UDC.

Un dos puntos clave para o desenvolvemento destas investigacións é a adecuación a espazos de traballo coas condicións máis actuais de seguridade e cumprimento de normas medioambientais. Por iso, no ano 2016, iniciou as súas actividades o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), albergando 14 grupos de investigación con aproximadamente 215 investigadores, cuxas liñas están relacionadas coas áreas da biotecnoloxía, a biomedicina, o medio ambiente e os novos materiais. Actualmente están adscritos ao CICA 19 grupos de investigación da UDC.

Ademais, o CICA formou co Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) unha Agrupación Estratéxica (AE) avalada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que fortalece as liñas de investigación entre os grupos da UDC e do INIBIC.

Debido ás singularidades dos centros de investigación actuais, faise necesario o apoio de persoal de xestión e de apoio aos laboratorios. Entre eles, un perfil que de apoio e colabore naquelas cuestións relacionadas coa parte técnica do CICA, en concreto con aquelas que teñen que ver coa parte dos laboratorios e do equipamento científico, para o que se precisa dispoñer de coñecementos nas áreas que conforman o CICA e a AE, así como posuír unha experiencia investigadora que aporte unha bagaxe suficiente para poder desenvolver satisfactoriamente o traballo requirido.

**a) As tarefas máis importantes a realizar, entre outras e en dependencia da dirección do CICA, serán dar apoio e colaborar en:**

- Manexo e mantemento de todo o equipamento científico de laboratorio de uso común relacionado coas áreas e proxectos de investigación adscritos ao CICA e a súa Agrupación ([ver áreas e liñas accedendo a información de cada grupo na sección "Investigación e Transferencia" da web](#)).
- Asesorar, formar ou prestar axuda aos usuarios do centro no uso dos equipos anteriores.
- Asistir á formación dirixida aos usuarios do CICA e da AE para o manexo básico, mantemento e comprobacións do equipamento común do centro.
- Participación en charlas formativas en prevención de riscos laborais en laboratorios.
- Colaborar co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC nas actuacións en materia de prevención e mellora continua das condicións de seguridade e saúde no CICA.
- Redacción e actualización das normas de traballo e de seguridade nos laboratorios do CICA. Así como a formación de novo persoal que se incorpore ao centro mediante a impartición dunha charla sobre a utilización das vitrinas de gases, EPIs e outros requisitos que deben cumprir para acceder aos laboratorios do centro.
- Seguimento, control, xestión de incidencias da instalación e consumo de gases e crioxénicos do centro (liña de botellas de gases, tanque de almacenamento de nitróxeno líquido). Tramitación de pedidos á empresa subministradora e resolución de problemas.
- Realizar a recarga semanal de nitróxeno líquido e trimestral de helio no equipo de RMN.
- Realizar a recarga do depósito crioxénico de almacenamento con monitor de nivel ultrasónico (criopreservador de mostras) segundo corresponda.
- Xestión de incidencias relacionadas cos laboratorios.
- Control do sistema de Auga Quente Sanitaria (AQS) do centro: rexistro de temperaturas, purga de acumuladores e zonas non utilizadas e accións necesarias para cumprir coas lexislacións vixentes.
- Negociación con casas comerciais sobre material de laboratorio e equipamento científico de relevancia e potencial interese para o centro.
- Propoñer melloras á dirección na xestión de equipos, así como detectar necesidades e propor a adquisición de equipos ou outro material que poidan ser de interese para todos os grupos de investigación.
- Xestión semanal coordinada coa empresa concesionaria da recollida de residuos perigosos dos laboratorios.
- Xestión do servizo de subministro e limpeza de batas de laboratorio do centro en coordinación co Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC.

**Documentación que debe presentar o/a solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Currículum vitae.

*\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

| Código Seguro De Verificación | GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==                                                                | Estado  | Data e hora         |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por                   | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández | Asinado | 17/09/2020 09:41:41 |
| Observacións                  |                                                                                         | Páxina  | 2/3                 |
| Url De Verificación           | https://sede.udc.gal/services/validation/GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==                       |         |                     |



- Colaborar na organización de seminarios, conferencias, workshops, etc. que teñan lugar no centro.
- Realizar e propor experimentos en actividades de divulgación como o Día da Ciencia na Rúa, visitas de alumnado de centros educativos dentro do proxecto Incrúst@te.
- Servizo de transporte de mostras do CICA aos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da UDC.

**b) Duración do contrato**

Dous meses (até o 31/12/2020).

**c) Criterios e valoración de méritos**

O curriculum vitae debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa de valoración:

| CONCEPTO                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                               | PUNTUACIÓN                                              | MÁXIMO                                                                                  |
|-------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| Titulación académica                                                    | En áreas científicas (Química, Bioloxía, Medicina, Farmacia ou afín)                                                                                                                                                                                                          | Grao: 2<br>Licenciatura/Mestrado: 4<br>Doutoramento: 10 | 10 puntos                                                                               |
|                                                                         | Experiencia en manexo de equipamento científico (imprescindible achegar cuberto para a valoración deste apartado o arquivo “Convocatoria CICA_manexo equipos_participacion proxectos”. Solicíteo a <a href="mailto:cica@udc.gal">cica@udc.gal</a> )                           | 0,2 puntos x mes traballado                             | 50 puntos<br>(o resultado final estará ponderado de acordo ao tempo e ao nº de equipos) |
|                                                                         | Experiencia en proxectos relacionados coas liñas de investigación do CICA (imprescindible achegar cuberto para a valoración deste apartado o arquivo “Convocatoria CICA_manexo equipos_participacion proxectos”. Solicíteo a <a href="mailto:cica@udc.gal">cica@udc.gal</a> ) | 0,30 puntos x mes traballado                            | 10 puntos                                                                               |
|                                                                         | Asistencia a cursos de formación sobre técnicas de análise                                                                                                                                                                                                                    | 0,1 puntos x hora                                       | 10 puntos                                                                               |
| Asistencia a cursos de formación sobre manexo de equipamento científico |                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                         |                                                                                         |
| Formación complementaria                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                                         |                                                                                         |
| Entrevista persoal                                                      | Posibilidade de entrevista persoal ás candidaturas con maior puntuación nos apartados anteriores                                                                                                                                                                              |                                                         | 20 puntos                                                                               |

**NOTAS IMPORTANTES:**

- Os curriculum vitae presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados pola comisión de avaliación.
- Indicar no curriculum vitae, e na mesma orde en que se valorarán os méritos (ver táboa de valoración), as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración destas.
- Na formación indicar necesariamente o nº de horas, de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- No caso de ser necesario poderán ser solicitada ás persoas aspirantes a documentación xustificativa de cada un dos méritos alegados no curriculum.
- No suposto de que ningunha candidatura obteña unha puntuación superior a 60 puntos, o posto podería quedar deserto.

**Documentación que debe presentar o/a solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*\*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

|                                      |                                                                                                                                                   |               |                     |
|--------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|---------------------|
| <b>Código Seguro De Verificación</b> | GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==                                                                                                                          | <b>Estado</b> | <b>Data e hora</b>  |
| <b>Asinado Por</b>                   | Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández                                                           | Asinado       | 17/09/2020 09:41:41 |
| <b>Observacións</b>                  |                                                                                                                                                   | <b>Páxina</b> | 3/3                 |
| <b>Url De Verificación</b>           | <a href="https://sede.udc.gal/services/validation/GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==">https://sede.udc.gal/services/validation/GLmuc2uh9Ayc8mfAWkdDtq==</a> |               |                     |

